

## *O vestido*

Os raios de sol iluminaban o seu branco pelo, mentras esperaba a que lle abrisan a porta. O seu fillo abriullela, mentras falaba polo móbil. Rafa fixolle un saúdo coa cabeza e desapareceu no interior da casa. Ofelia seguiu e adentrouse na pequena vivenda. Non lle reprochou o frío saúdo a Rafa porque dende fai uns anos compórtase así con todo o mundo, ata con Ana. Esa era a principal razón pola cal o ía visitar.

Recorreu o estreito corredor ata chegar a un amplo salón-comedor. Na zona do comedor estaba Rafa falando polo móbil mentras olleaba os papeis repartidos por toda a mesa. No outro extremo da sala estaba Ana tumbada na enorme alfombra branca coloreando un dibuxo. Observouna dende a porta, o seu pelo loiro caíalle ata os ombros e tapáballe parte da fronte. Os seus ollos verdes, brillaban de felicidade mentras pintaba.

-Que neta tan fermosa teño!, pensou Ofelia, cun sorriso triste.

Acercouse un pouco máis e Ana levantou a vista dos seus dibuxos.

-Avoa!- correu ata ela gritando emocionada, Ofelia agachouse para bicala e abrazala. Facía unha semana que non ía visitala debido a súa saúde.

-Miña netiña! Que andas debuxando?- preguntou sentándose nun dos sofás. A cativa correu con emoción ata o seu debuxo e enseñoullo a súa avoa con orgullo.

-Somos as dúas. Fíxeno para ti, para que cando estes enferma e non podas vir, podas verme igual.- Ofelia abrazou con todas as súas forzas a Ana para que esta non vira as súas bagoas.

-Eu tamén trouxente un agasaio.- Ana empezaba a saltar e correr pola sala, emocionada. Ofelia miraba de reollo o seu fillo, que seguía a falar de traballo, pero sin deixar de mirar a Ana. Non perdía detalle, da emoción que mostraba mentras ela desenvolvía o paquete.

Con cara de asombro non deixaba de mirala. Ofelia percatouse de como abriu os ollos e dirixiu a súa mirada para encontrarse coa dela, pero Ofelia disimulou facendolle ver estaba atenta só a súa neta.

Rafa neses intre despídese e colga o móbil para centrar toda a atención na súa filla.

-Pero mamá!-susurrou dende o escritorio.

A cara de felicidade de Ana é abraiante cando abre o agasaio e descobre que era o vestido máis fermoso que vira na súa vida. Era un vestido de verán rosa palo, o cor favorito de Ana. Por iso elixiuno Ofelia de entre todos os vestidos da tenda. Ana correu ata a súa habitación para estrenalo. Nai e fillo quedaron sós nun incómodo silencio, ela disimulando mirando o dibuxo e Rafa sen palabras.

-Que tal no traballo? Vai ben a empresa?- preguntalle Ofelia para escapar dese abrumador silencio.

-A empresa non esta no seu mellor momento, pero imos apañándonolas.- contestou mentras sentábase nun dos sofás.- E ti que tal? Mónica díxome que estiveste enferma fai uns días, andaba moi preocupada.

Ata fai uns días Ofelia non era capaz de levantarse da cama. Os anos íanlle pesando. Cada vez estaba máis enfermiza e débil. Dudaba de que aguantase moito máis.

-Estoy ben, filliño. É Mónica que se preocupa demasiado.- o único que lle faltaba agora é ter preocupado a Rafa tamén. Xa lle sobra a preocupación da súa outra filla.

-Xa o sei. Pero tiña planeado ir visitarte un día destes.

-Eso si que é un milagre. Fai anos que non ves visitarme. Sempre teño que vir eu. E todo comezou dende que Flores tivo o accidente.- ao oír ese nome, Rafa aparta a mirada de Ofelia nostáxico. Cada vez que escoitaba ese nome, Rafa sentía unha punzada no peito.

-Sempre co mesmo. Non volvas nombrar a Flores. Non quero que o escoite. Faille moito dano.- responde mirando cara o pasillo.

-A quen lle fai dano é a ti, non a Ana. Tes que superalo dunha vez. Pasaron xa cinco anos.

Nunca olvidarían ese día. Rafa estaba cuidando de Ana cando todo aconteceu. Flores foi arrollada por un camión ao saír do traballo. Estivo loitando unha semana ata que faleceu.

-É como queres que o supere?! Ela era quen mantiña esta familia a flote. Ela sempre estaba aquí para nós e dun momento para outro, xa non estaba. Tomei o seu lugar na empresa e xa me consume. Non sei como facer o papel de nai e de pai á vez. -Rafa mira ao chan derrotado.

-O único que tes que facer, é querela e cuidala. Pasar tempo con ela e sobretodo, escoitala. Para ter solo dez anos ten moitas cousas que dicir. En iso recordame a ti. Parecedevos máis do que pensas.

-Xa o intento. Pero non sei como actuar, con todo o que lle esta pasando.- escoitanse pasos no corredor.

-Só tes que apoiála.- susurra Ofelia antes de que aparecese Ana correteando e rindo co seu novo vestidiño. Por primeira vez dende fai moito tempo pasan os tres xuntos a tarde. Rindo e falando coma unha familia.

Seis anos máis tarde, unha moza camiña pola rúa en dirección ao cemiterio do pobo. O seu longo loiro pelo danza sobre o suave vento de setembro. Camiña nerviosa polo solitario cemiterio. Séntase no chan, ao lado dunha das lápidas.

-Ofelia Sánchez Guintán. 1933-2012- recita en voz baixa as palabras grabadas na lápida.- Xa facía algúns meses que non viña, pero teño unha razón para iso. Xa o conseguín, avoa. Xa son unha muller de verdade. Senón fose por ti, seguiría atrapada noutro corpo. Porque ti dechesme a forza para facelo. Sabes que me costou moito conseguilo e aínda máis que os meus amigos o aceptaran. E xa nin te falo de papá. Moitos dos meus amigos perderonse polo camiño xa que non o aceptaron, pero outros quedaron e apoiaronme coma ti. E a algúns cóstalle e séguenme chamando Manu. Pero os entendo. Non foi fácil para ninguén. Pero grazas a ti, foi todo máis levadeiro. Ti fuches a que me regalou o meu

primeiro vestido que, por certo, o gardo coma un tesouro. Dende ese día papa mirabame con outros ollos e sei que fuches ti quen falou con el. So quería vir a darche as grazás. Por ser a primeira en confiar en min e darme forzas para chegar ata o que son hoxe.